

IX encontro

DE EMBARCACIONES
TRADICIONAIS



16/17 xullo
2005 **BUEU**





O PAXARO NO PANTERLO: HOME E TERRITORIO

(Xaime Toxo)

No verán dos anos 30 Daniel Castela, debeu viaxar moito pola Galicia, caderno en man, debuxando as cruces de pedra que despois a Editorial A Nosa Terra publicou como guía ineludible de estudo, de coñecemento e interese artístico.

Daquela viña a Bueu a cotío. Debuxou e admirou o Calvario que aparece no seu libro como un dos únicos que pensa- existen no noso país.



Moitos anos despois, nos veráns dos anos 70, un grupo de mozos andivemos recorrendo tamén as terras de Bueu tentando artellar dende os nosos poucos anos- unha maneira de recuperar a historia, a cultura e os xeitos propios e únicos de relación da xente de aquí coa terra e o mar.

O fio conductor daquelas inquiredanzas enredábasenos nas mans como o choco se enreda no trasmallo.

Sabíamos que había que empezar a preocuparse polos tesouros esquecidos á beira dos camiños antes de que o maretón da irracionalidade afundise o que tiñamos no lameiro desmemoriado do tempo.

A soedade humidade do cemiterio vello, rodeado dunha sebe de buxo; tantas veces observado, tan solitario e inquietante, levounos a buscar outros cruceiros, outras historias de homes e camiños encontrados.

A serenidade atemporal da figura do Rei Baltasar, desaparecido, na Capela dos Santos Reis, parada obrigatoria das nosas subidas á mítica pirulla do Liboreiro. Hoxe tamén increíblemente ferida. Penso





que foron aquelas reflexións, estumballados na herba de Santos Reis ou baixo os carballos na Ermida de San Amedio, quen nos dou a idea de recoller en fotos este fardel de cousas.

Gardar en papel o espírito e a emoción dos intres é moi difícil. A visión das fotos dos vellos tempos, do que xa desapareceu, dos que morreron fai que recuperemos un anaquiño de emoción; pero non as cousas nen as persoas. Ás persoas levanas o vendaval invencible do tempo. Pero... as cousas?

Por que tiveron que desaparecer? Por que perdemos aquela marabilla que era a Salgazón do Can do Penedo na Banda do Río? É hoxe máis fermoso e habitable ese Recuncho? Foi inevitable perder a Praia de Pescadoira, a vella escola de Pirigallo, as pedras da antiga igrexa románica de Bueu, a conserveira de Atilio e o que gardaba? Vai ser irremediable a perda do asteleiro de Purro? Que foi da vella historia conserveira que configurou o noso pobo e que hoxe está practicamente desaparecida, agás o que se

atopa no Museo Massó?

Tantas e tantas cousas. O Bueu de miña mocidade tiña máis que ver seguramente co Bueu do século XIX que co actual. Impedía unha mellor conservación o progreso? Eu coído que non.

Encanar os intres da desfeita coa revisión e recuperación da nosa historia non só é imprescindible para coñecer a verdade dos feitos, senón para ter un proxecto e unha idea de pobo. Ten que ver intimamente con nós, co que fomos e co que serán os nosos fillos.

É sorprendente como funcionan as raíces da identidade. Hai pouco tempo un amigo meu recibiu unha chamada telefónica duna consultora de opinión que lle preguntaba se se sentía máis español que galego, máis galego que español, igual de galego que español, etc; el respondeulle

- Eu síntome de Bueu

Construímos a identidade sobre a arquitectura indeleble da memoria. Conservar a arquitectura das cousas e sobrevivímonos. O demais e sanxenismo.





A TRAIÑEIRA EN GALICIA

Fidel Simes

A "traíñeira", é unha embarcación identificada co Cantábrico e adicada a pesca de especies de superficie, sardiña e anchoa principalmente, empregando artes de pesca cerqueiras, aínda que tamén podía empregar artes de enmalle. O motivo principal do seu uso nestas pesquerías eran a velocidade e manobrabilidade ofrecidos pola embarcación. Algunhas fontes fan referencia a unha

orixe vencellada ás antigas lanchas baleeiras que pescaban cetáceos dende as costas.

Podese dicir que unha traíñeira tipo, tiña doce metros de eslora, dous e medio de manga e un metro de puntal, estas medidas fan as súas formas moi peculiares e facilmente recoñecibles, presenta unha relación eslora/manga moi alta o que significa que é moi longa en proporción ao seu ancho, a súa caderna mestra presenta unha sección en "U", co fondo practicamente horizontal e un costado plano, as liñas en proa e popa afinase buscando formas máis hidrodinámicas, salientando ademais o seu puntal, que resulta baixo para un barco destas dimensións que navega en mares abertos. O motivo da súa velocidade e manobrabilidade reside nestas características, a elevada relación eslora/manga fai a embarcación máis rápida, permitindo ademais armar maior cantidade de remos por cada costado.

Por outra banda, as formas cheas da súa caderna mestra aumentan o desprazamento diminuindo o calado, conseguindo mellorar o seu comportamento nas viradas e, ao tempo, reducir a resistencia ao avance da embarcación. A proa presenta unha curva moi tendida, sen lanzamento; a popa ten un deseño que se coñece como tipo "noz", o que orixina que a súa máxima eslora se atope na liña de flotación. Precisamente esa forma da popa adopta unha solución un tanto peculiar, pois mentres na liña de flotación presenta unhas seccións afinadas e con escaso volume, un pouco por riba desta as formas échense aumentando así considerablemente o seu espacio interior. Esta peculiaridade non é casual, xogando un papel fundamental en manobras de navegación como a "collida das empopadas", conservándose nas traíñeiras de competición actuais esta característica.

Da distribución do espacio interior cómpre indicar que orixinaríamente contaba con dúas pequenas



Bar

aturoxo

BUEU

expert 

TV · VIDEO · HI-FI · ELECTRODOMESTICOS

comercial avilés

Plaza Arco, 5 - Telf.: 986 30 13 36 CANGAS (Pontevedra)



Traiñeira

Cubertas situadas nos extremos de proa e de popa, distribuíndose no oco restante os bancos separados equiespaciadamente.


Na súa orixe, a súa propulsión era mixta, con remos e vela, podendo aparelar ata dúas velas místicas, moi semellantes en canto ás formas á, máis coñecida por nos, vela do bote polbeiro, coa particularidade de que o puño de proa se fixaba máis preto do pau. Nembargantes, e a pesares da posibilidade desta armadura, a traiñeira é una embarcación deseñada para navegar con remos, chegando nalgúns casos incluso a aparelar ata dez remos por banda.

A traiñeira chega a Galicia arredor do 1900 coa arte do "cerco de jareta". A súa chegada foi motivo de confrontación entre os mariñeiros desta arte e os xeiteiros que consideraban unha ameaza para a súa supervivencia estas redes máis efectivas e con mais rendimento pesqueiro que o xeito.

A introducción das traiñeiras foi lenta no seu inicio, pero imparabile unha vez vencida a resistencia dos xeiteiros. A demanda desta tipo de embarcacións fixo que os nosos carpinteiros de ribeira comezasen a construílas; copiando as formas nun principio para, posteriormente, modificalas coa súa visión particular deste barco, adaptada ás necesidades e requerimentos do noso litoral tan diferente ás súas costas de orixe. As liñas fundamentais mantéñense pero as formas que nun inicio eran afinadas fanse máis cheas tratando de gañar desprazamento o que vai permitir que poidan levar máis carga (debe considerarse que a distancia ós caladoiros de pesca é moi pequena (a propia ría). Tamen variou a distribución do espazo interior, ó incorporarse os corredores e incrementar o tamaño da cuberta de proa.



CADERNA MESTRA



MADERAS FREIRE S.L.



ASERRADERO Y MADERAS EN GENERAL

c/ Montero Ríos, 26 Tel. 32 00 66
BUEU Ptlar. 32 03 70

RESTAURANTE - BAR



BAR CELTA

VIÑOS E TAPAS
ESPECIALIDADE: PULPO E PEIXES

Alfredo Saralegui, 28 - CANGAS DO MORRAZO
Tfno. 986 30 00 88



Este novo deseño aporta a embarcación máis seguridade, ó mellorar o seu comportamento ante un embarque de auga. Os corredores aumentan o ángulo de inundación e, ademais, reducen a entrada de auga mentres se recolle o aparello. Por outra banda, o aumento da cuberta de proa diminúe o risco dun embarque de auga durante o cabeceo.

Nalgúns portos das Rías Baixas, os carpinteiros empregaron as novas formas para construír embarcacións de menor porte, pero mantendo en esencia a fasquía da traíñeira. No porto de Bueu arredor do 1930, construíanse un tipo de barco que recibía a denominación de lancha, pero que non debe confundirse coa lancha de relinga tradicional galega. Esta lancha-traíñeira, era unha

embarcación de entre seis e oito metros de eslora e era empregada no uso de artes pesqueiras como o xeito. Como exemplo desta tipoloxía temos a lancha "Pescadoira" construída no taller de Purro.

A explicación máis adecuada á rápida incorporación da traíñeira ás costas galegas cabe relacionala coa inexistencia dunha embarcación tradicional galega con características similares, pois as embarcacións propias das nosas costas son de fortes quillas e bastante mangudas, o que lles confire moita seguridade pero escasa velocidade, característica necesaria para o manexo adecuado dos novos aparellos de cerco.



Vinoteca



» Delicatessen » Catering » Tapería

Montero Ríos, 173
Tel 986 32 00 09

Bueu
Pontevedra



JUAN VILLAR PELUQUEROS

Ramal dos Galos, 9 telf. 986 32 43 74 BUEU



BAR LABRANZA

MEIRO - BUEU
Telf. 986 320 604

A BOLETA

O REAL MOAÑA
986 312613



RESTAURANTE

T/ 986 324 435 M/ 678 090 602

Playa de Beluso, 22 BUEU



CONSTRUCCIONES
Antón-Bueu

Pousada, 9 - Cela - 36939 BUEU (Pontevedra)

Móbil: 615 396 021

Tel/fax: 986 323 513



BREVE PERCORRIDO POLA HISTORIA DA CARTOGRAFÍA NOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS DO MUSEO MASSÓ: DE TOLOMEO A BLAEU.

Llarina González Solar

Cartografía, navegación, astronomía... son disciplinas que viaxan unidas e que atopamos veciñas no fondo bibliográfico do Museo Massó, compilación que non deixou de medrar dende que, a principios do século XX, a familia Massó puxese xeito a súa inquietude coleccionista e agrupase, ao modo decimonónico, elementos etnográficos e fabris xunto con material bibliográfico de primeira liña. Hoxe é unha das mellores coleccións da súa temática en Galicia e amplíase cun fondo moderno, na pretensión de ser fonte permanente de información nestas materias e outras como a pesca ou a industria conserveira. Con este preludeo mergullámonos na historia da cartografía cun do seus principais fitos, a Xeografía de Tolomeo. Aínda que tódolos pobos posúen unha aptitude para o bocexo de posicións relativas e distancias entre puntos, foron os gregos os primeiros en aplicarlle unha visión científica. Neste contexto e sobre a base de aportacións como a táboa de latitudes de Hiparco e a súa proxección estereográfica, as intuicións dos pitagóricos sobre a esfericidade da terra, e os intentos de Eratóstenes para calcular a circunferencia terrestre, asentase o traballo de Claudio Tolomeo. A súa obra Exposición Xeográfica (que dende o Renacemento coñecemos como Geographia ou Cosmographia), é en esencia unha táboa de coordenadas xeográficas dunhas 8.000 localidades obtidas a través dun coidado estudio de itinerarios pero hoxe preséntase acompañada dun grupo de mapas que puideron ser debuxados por algún contemporáneo, polo mesmo Tolomeo ou trazados no século XIII sobre os datos dalgún manuscrito.

Dende o século II ata comezos do XV esta obra non tería influencia na cartografía occidental que, por aquel tempo, centrábase nos mapas de T dentro de O e nos divididos en zonas climáticas. Nembargantes foi coñecida en Bizancio e traducida ao árabe (s. IX) e ao latín en 1406 de mans de Jacopo Angelus de Scaparia. Esta criticada tradución,

SEI LIBRI

DELLA

COSMOGRAFIA VNI

uersale, ne quali secondo che n'hanno parlato i piu ueracifittoni son disegno,



I fini de tutte le parti del mondo habitabile & le proprie doni:
 Le Tavole topographice delle Regioni.
 Le naturali qualita del terreno, onde nascono tante differenze, & uarieta ditole, & animate & non animate.
 Le nature, & le dipinture degli animali pellegrini.
 Le imagini, & descriptioni delle citta piu nobili:
 I principj de Regni, gli accreolamenti, & mutamenti.
 I costumi di tutte le genti, le leggi, la Religione, i fatti.
 Le mutazioni: le genealogie altrui de Re, & de principj.

AVTORE SEBASTIANO MUNSTERO.

CAFE - LA MARINA - BAR

MONTERO RÍOS

CANGAS

**TALLERES
DAVISAN S.L.**

SERVICIO OFICIAL CITROËN

Tel. 986 323 155 Pousada, 15
 Fax 986 324 418 Cela - BUEU



encargada polo mecenas florentino Palla Strozzi despois de obter un manuscrito da versión A (con 27 mapas), serviría de base ás primeiras edicións impresas da obra e sería adoptada noutros fitos da cartografía como o Imago Mundi de Pedro d'Ailly.

En 1475 saíra unha primeira edición Veneciana sen mapas, seguida en 1477 da de Bolonia con mapas pero con moitos erros. A edición romana de Konrad de Sweynheim (un dos introductores da imprenta en Italia) é so un ano posterior pero de gran calidade. As pranchas usadas para esta edición serían logo utilizadas por Petrus la Turre no exemplar que pertence ao Museo Massó, edición romana de 1490, que contén os 27 mapas da versión A gravados en cobre, en proxección rectangular, cos grados e os días máis largos anotados ao marxe, sen detalles innecesarios e coas cordilleiras debuxadas como "toupeiras". Na Sala

Noble do Museo Massó podemos hoxe contemplar este incunable e os seus gravados.

No século XV e tras numerosas edicións da obra de Tolomeo, acompañadas por mapas "modernos" baseados en viaxes, descubrimentos e cartas portulanas, a súa influencia comeza a decaer inda que a semente dunha análise científica da xeografía xa prendera.

A finais do século XV comeza unha segunda revolución da cartografía causada pola expansión en ultramar na que os mariñeiros proporcionarían datos de perfis costaneros, distancias, itinerarios... aos cartógrafos. Por outra banda os mariñeiros atoparíanse coa dificultade de que os usos na navegación no mediterráneo de cabotaxe e con correntes e ventos ben coñecidos non serían adecuados ás novas condicións; neste camiño recuperaríanse obras de cronografía (como o Almanaque Perpetuo de Abrahan



PANADERÍA
A'BICHA

Horno de leña, especialidad en bollas, roscones y empanadas

Banda do Río, 57 - Tel. 986 32 04 10
Despacho: Montero Ríos, 143 - BUEU



Leña
Verde
BUEU



Zacuto do que contamos coa edición de 1528), de viaxes (como o Libro del famoso Marco Polo que podemos contemplar exposto na edición de 1529)..., editaríanse manuais como o Arte de Navegar de Pedro Medina, do que contamos con edición de 1545, e promoveríase a inventiva coa simplificación do astrolabio ou co uso do cuadrante mariño. Sobre estes instrumentos tamén se editaron numerosos libros dos que destacamos, por conservarse nesta biblioteca, o de Ioanis Stoflerino (1553) Elucidatio Fabricae, ususque astrolabii..., ou o de Danti Trattato dell'uso et della fabbrica dell'astrolabio de 1569. Retrocedendo no tempo convén facer unha breve mención os libros de direccións para a navegación, os chamados "routiers de mer" (leesekarten ou rutters) nos que se


resume o coñecemento acumulado por xeracións de mariñeiros en canto a ventos, correntes, rochas... e costas. Dende mediados do s. XV esta información sería completada graficamente por perfis de liña costeira, resultando cartas mariñas que, xa no século XVI, incluírían modelos de latitude para as viaxes máis longas. As maiores dificultades presentadas por estas cartas solucionaríanse a mediados do s. XVI na obra de Mercator nun momento no que a proliferación de mapas heteroxéneos, o progreso das exploracións e a revisión dos mapamundis antigos, facía necesario un formato que facilitara a súa conservación. Aínda que esta demanda dunha colección completa e actual de mapas non sería realmente satisfeita ata 1570 co Theatrum de Ortelius,



MIRANDA

O teu comercio en Bueu

Pazos Fontenla, 35
Tel. 986 32 05 04



Cafe Bar
Meco

Eduardo Vincenti, 4
Tfno. 986 322 897




Considerase que o intento primixenio é a obra *Cosmographia Universalis* de Sebastián Munster (Basilea, 1550) O Museo Massó conserva unha edición de 1558 realizada por Herigo Prieto, tamén en Basilea, con mapas xilográficos inspirados en obras anteriores e outros de rexións menos coñecidas levantados por el e os seus colaboradores.

Ampliando esta idea, Lucas Janzoon Waghenar compilaba en 1584 *Die spiegel der Zeevaert*; este manual de navegación, libro de instrucións náuticas e atlas de cartas, tivo unha gran acollida e favoreceu a proliferación de cartas adecuadas á navegación. Esta empresa víase favorecida polo desexo de fixar con exactitude as dimensións e forma da terra, pola formación de corpos especializados e pola invención de instrumentos como o telescopio, o reloxo de péndulo ou as táboas logarítmicas. Ao tempo, a impresión de atlas mariños veuse impulsada nunha Holanda inmersa no comercio marítimo; sendo Amsterdam o centro cartográfico de Europa dende principios do s.XVII o taller da familia Blaeu sería o máis interesante da cidade. W. J. Blaeu, discípulo de Tycho Brahe co que adquirira as bases de cartografía e astronomía, estivo a cargo da Oficina cartográfica da Compañía Holandesa das Indias Orientais no seu período de expansión. Entre os seus traballos atopamos esferas celestes, un mapamundi mural, o Atlas appendix, que superaría en calidade o de Mercator.


Na biblioteca do Museo Massó contamos con exemplares atlas mariños máis importantes de Willem J. Blaeu. Dunha banda a edición de 1623 do chamado *Zeespiegel*, obra considerada como un dos máis importantes atlas do século XVII que, xa en 1625, contaba cunha edición londiniense en inglés. Da outra o *Der licht der zeevaert* na súa tradución o castelán como *La Nueva y Grande Relumbrante Antorcha de la Mar*, en edición do holandés Jan van Keulen (1700), atlas no que se incluían os resultados da cartografía hidrográfica holandesa no Este.

Os adiantos en matemática e astronomía comezados por Isacc Newton dannos conta de que neste século comeza unha nova fase para a cartografía. Fundamental foi o empeño de calcular con precisión as lonxitudes para o que se perfeccionou o cronómetro, dando un salto cualitativo co de John Harrison no século XVIII, pero esa xa é outra historia....



Confraría de pescadores
San Martín
Bueu

ARTES GRAFICAS
BAROGA S.L.
SERIGRAFIA - IMPRENTA - TAMPOGRAFIA - TERMOIMPRESION
GOTA DE RESINA - PLOTEADOS - DISEÑO GRAFICO
Av de Marín, 12 Bajo - Tlf./Fax: 986 322 399
36930 BUEU - Pontevedra
ag_baroga@hotmail.com



REFRANEIRO

Nós, que nos criamos no eido da tecnoloxía, preguntámonos moitas veces cómo se orientaban os mariñeiros e navegantes de antaño, cómo predicían o tempo, cómo calculaban os rumbos sen compás, nin cuadrantes, nin astrolabio, nin radio, sonda, radar, GPS... Convencidos de que o coñecemento e a observación da posición das estrelas, a dirección do vento, o comportamento das ondas..., era a única maneira posible, facémosvos unha recopilación de refráns que nos parecen interesantes para os navegantes das embarcacións tradicionais, se ben temos en conta que ata a máis alta tecnoloxía tamén esta exposta ós imprevistos atmosféricos.

Estes e moitos máis pódense atopar no libro "O REFRANEIRO DO MAR" Autor: Clodio Gonzalez Perez, Edita: Exma. Diputación Provincial de Pontevedra. Citaremos primeiro algúns de carácter xeral.

A vela bebe polo pico do vento.

Pouco vento, moita vela.

Pouca vela, moito vento.

Arco da vella ó poniente, colle as artes e vente.

Se a chuvia te colle antes do vento, alista drizas, non perdas tempo, pero se o vento ven primeiro, iza velas mariñeiro.

Se a chuvia ven antes do vento, mete o pano dentro.

Aproveita o vento á popa, que non tódoos días asopra.

Mar á popa ilarga escota!

O xeiteiro de verdá, sabe como se pon o sol e como sairá.



Pazos Fontenla, 51
Telf 986 390 002 Telf-fax 986 322 067
e-mail: eblanco@cnoo.es

36930 BUEU
Pontevedra

ÓPTICOS OPTOMETRISTAS

EB

EUGENIO BLANCO

ÓPTICOS OPTOMETRISTAS
TERAPIA VISUAL

e-mail: ebopticos@cnoo.es

Telf 986 32 08 67

Eduardo Vicenti, 6 · 36930 BUEU



NORTE

Norte escuro, vendaval seguro.
 Norte que ven en venres, non chega a luns.
 O norte do sábado, o luns abafado.
 O norte do sábado non leva os barcos a Cádiz.
 Posta de sol colorada, do norte virá a ventada.
 Néboa no verán, norte na man.
 As estrelas a brilar, norte fresco a soprar.
 As gaivotas a cantar, norte duro vai entrar.
 Vento travesía, polo norte pía.
 Vento norte e chuvía na ría, temos chuvía para todo o día.
 Cando berran os corvos, sinal de norte.
 Cando sopra norte escuro, quédate ó abrigo do cabo Seguro. (Sanxenxo)
 Cerrazón ó leste, ou norte ou nordeste.
 Si con norte forte ronca a Lanzada, pronto virá a encalmada.
 Leste na ría, norte na costa. (Ría de Vigo)
 Nublado na Armenteira, norte na ribeira. (Ría de Pontevedra)
 Arroaces a brincar no mar, forte norte vai entrar.


NORDÉS/ nordeste.

Cando está en calma a ría, nordés polo o día.
 Nordés asoprando..., para a terra virando.
 Area mol, nordés/nordeste no fol.
 Cando as estrelas alucen no mar, vento nordeste vai dar.
 Nordeste á anoitecida, vendaval á amanecida.
 Nordeste a noite, vento sur pola mañá.
 Treboada polo leste, calma ó nordeste.
 Si está na costa de nordeste e ves polas Sisargas escuro, cólle-la ría que vai vir norte duro.

NOROESTE

Treboada polo leste, vento sur ou noroeste.
 Cando do noroeste chove, ata as pedras move.
 Noroeste á noitiña, vendaval á mañanciña.
 Noroeste no serán, vento sur pola mañá.
 Noroeste de serán, vendaval pola mañá.
 Noroeste pola noite, vento sur pola mañá.
 Noroeste escuro, vendaval seguro.

Horizonte cargado ó noroeste, sudoeste.
 Néboa a Barredo (Baiona), noroeste cedo.
 Néboa na Grova (Oia-Baiona), noroeste afora.
 Ourellán coa aleta a asollar, noroeste vai entrar.
 Se desfonda a praia, noroeste en recalada.



Café Bar

BURAQUIÑO

ALDÁN

CARNICERÍA

J. Antonio Nieto Moreira
 Encarna Iglesias Cádiz

Compra y venta de ganado
ternera / cordero / cerdo

Tfno. Casa: 986 323 495
 Tfno. Carnicería 986 322 463
 Tfno. Móvil: 619 294 135

Beluso -BUEU
 Pontevedra



OESTE

Corren as nubes ó oeste, sinal de mal tempo.

SUR

Se vas con sur ó mar, roupa de augas debes levar.
 Vento sur que á noite entra, pola mañá máis tormenta.
 Vento sur e nos panos fogo, boa ímola ter logo.
 Vento sur e fogo nos mastros, mala noite de traballos.
 Berra o mar en Lapamán, vento sur pola mañá.
 Araña do mar (centolo) na costa, vento sur na posta.
 Calma na ría con día, vento sur ó outro día.
 Cando o mar bate en Valieiros (Ribeira), vento sur ou neboeiros.
 Ceo amartillado, vento sur declarado.
 Chuvia sin sur, non dura tres días.
 Néboa en setembro, trai o sur no ventre.

SUDÉS

Vento do sudés, botas de augas nos pés.

SURESTE/surés

Lóstregos para o sueste, muller e fillos para o mar.
 Parrasco ó sueste, a mañán sursueste.
 Treboada polo sureste, mal tempo todo o trimestre.
 Treboada polo sureste, máis nordeste.
 Cando as gaivotas voan alto, vento o sursueste.
 As gaivotas polo alto voar, sureste vai entrar.

ESTE/leste

Treboada polo leste, vento sur, calma ou noroeste.
 Treboada polo leste, calma ó nordeste.
 Treboada polo leste, mariñeiro para o mar.
 Cerrazón ó leste, ou norte ou nordeste.
 Leste na ría, norte na costa. (Ría de Vigo)
 Cando do leste chove, ata as pedras move.
 Posta de sol clara, non esperes leste.



Cervecería
 Pizzería
O FAROL
 Montero Ríos, 207 **986 32 19 21** BUEU



AMANDO RESTAURANTE
 teléfono 986 322 808
 pazos Fontenla nº 19
 36930 • bueu • pontevedra



MUSEO




NOMES PARA A HISTORIA DUN MUSEO

Emma Tilves

De todos son coñecidos os grandes nomes, os nomes con maiúsculas, asociados a historia do Museo Massó. A piques da celebración do seu 75 aniversario, no imaxinario colectivo da vila quedou gravada cunha impronta especial aquela visita que o nobel Guillermo Marconi fixo a Bueu en 1928 para visitar a fábrica e a colección dos Massó, e que significou o gromo da creación do futuro Museo Marineru en 1932. Gárdase tamén na memoria dos máis vellos a lembranza duns tempos de esplendor industrial, coas fábricas Massó en pleno apoxeo tecnolóxico e productivo, que levou aparellada a visita de presidentes de goberno, xefes de estado, ministros, e demais persoalidades

influentes do seu tempo, atraídos pola gran sonda dunha empresa exemplar.

Si a fábrica Massó inaugurada no ano 1939, a máis grande de Europa naquel momento, foi considerada polos especialistas como a "catedral da conserva", o pequeno museo que crearon os irmáns Gaspar e José María ben podería merecer a calificación de "santuario da cultura" porque a él foron chegando algunhas das figuras máis senlleiras da cultura galega. Ben con tertulias, xuntanzas gastronómicas, excursións arqueolóxicas, relacións epistolares ou con publicacións directamente vinculadas ó museo, escritores como Losada Diéguez, García Alén, Castroviejo ou Cunqueiro, quen en ocasións adormecía aos meniños Massó cós seus contos, fixeron de Bueu unha





ágora de intelectualidade.

O estreito contacto que os irmáns Massó mantiñan cós museos máis pretixiosos do estado a través do trato persoal cós seus directores propiciou que o Museo Massó acadara prestixio e consideración fora de Galicia e fixo del un referente para a historia naval e a etnografía marítima. Guillén Tato, director do Museo Naval de Madrid, Martínez Hidalgo, director Museo Marítimo de Barcelona e responsable do carimbo polo que é coñecido o Museo Massó como tercer museo marítimo de España, Sánchez Cantón, director do Museo del Prado, e Filgueira Valverde, director do Museo de Pontevedra, foron asiduos visitantes e conselleiros das directrices expositivas que se debían seguir en Bueu.

Tamén na arte, e da man dos Massó, a vila foi punto de atracción e fonte de inspiración para pintores, escultores, fotógrafos e cineastas galegos. Nomes recoñecidos na historia da arte contemporánea galega como Maside, Sobrino, Ribas ou Lugo, recibiron encargos da familia, moi especialmente os dous últimos que traballaron directamente para a propia empresa: o publicista Fedrico

Ribas arredor de 1924 foi o encargado de facer o deseño da imaxe corporativa e a proxección publicitaria das conservas Massó, mentras que Urbano Lugo, xa nos anos corenta, recibiu varios encargos, entre eles a decoración do comedor dos obreiros da fábrica e a reconstrución da Capela dos Santos Reis no Valado. O escultor Xan Piñeiro tamén deixou a súa pegada en Bueu; obra súa son dous relevos en pedra e un grupo escultórico de gaivotas en bronce que se mostran nas salas de exposición permanente do museo.

Pero os Massó tamén apostaron de inmediato polas novas formas da arte, o cine e a fotografía intersáronlle tanto na súa aplicación industrial como a título estrictamente privado, como mostran os espléndidos exemplos que se gardan no fondo de depósito do museo. As encargas das reportaxes fotográficas das fábricas facíanllas a profesionais de prestixio na época, hoxe considerados grandes mestres da fotografía galega; Sarabia, Pacheco ou Barreiro asinaron moitas das fotografías que se utilizaban nos catálogos publicitarios da empresa. Testemuña destacada deste tempo e a película, recuperada polo

Presentación e reestrea das películas:

- EL RECIBIMIENTO DE VIGO A SU EXCELENCIA EL PRESIDENTE DE LA REPÚBLICA (1934)
- BODA EN BUEU (1928)

Exposición Pioneiros do Cine Galego EN Bueu

26 NOVEMBRO 2004 ao 30 XANEIRO 2005

XUNTA DE GALICIA

MASÓ



musico e en exhibición libre nas súas instalacións, "El recibimiento de Vigo a su Excelencia el Presidente de la República"; realizada pola produtora dos irmáns Barreiro, Folk, en 1934, que ven sendo considerada como a primeira película galega do cine sonoro, e recolle nun documento filmico de calidade excepcional, a reportaxe da visita de Alcalá-Zamora a Vigo e ás fábricas Massó de Buen. Mención a parte merecen todos os nomes aínda non recoñecidos, que conforman esa outra pequena historia do Museo Massó que non se pode seguir na documentación escrita senon a través do rescate de testemuñas orais nas que os detalles mínimos, aparentemente sin ningún significado, cobran valor. A visión directa, persoal e humana dos que nunca tiveron historia é unha xoia aínda por recuperar. Pero ese capítulo, que Unamuno definiu como "esa vida intrahistórica, silenciosa y continua como el fondo del mismo mar", merece unha reflexión máis fonda que unha simple e rápida rescha de fitos.






RECUNCHO LITERARIO

Os gañadores do concurso literario "Un traballo por un paseo" nesta edición 2005, son os autores dos relatos que nesta sección da revista gañaron o seu dereito de publicación.

Para elas a nosa inoraboa!, e para os demais participantes o noso ánimo e agradecemento. Outro ano pode ser, seguides tomando nota das historias que contan os avós, os nosos vello. Esperamos os vosos relatos en próximas edicións.

Primeira clasificada. Categoría: Primaria.



COLEXIO: "A Pedra" Bueu.

AUTOR: ANTÍA JUNCAL

A unha persoa maior gustáballe moito contar as historias dos seus páis e irmáns que andaban ó mar.

A primeira historia que me contou ese día foi dun "bote polbeiro", e así empezou:

Unha vez en plena guerra civil o meu bisavó Xoán e o seu fillo maior, de madrugada, ían pescar polbos co seu bote polbeiro. Ó chegar ó muelle decatáronse de que na punta do peirao estaban a tirar a uns homes que fusilaran antes. O meu bisavó e ó fillo ocorréraseselles darlle a volta ó bote, e

escondese debaixo ata que aqueles homes marcharon de alí.

Nunca pasaron tanto medo na súa vida.

Ese día o bote fixo unha función distinta á de outras veces.

A segunda historia que me contou foi esta:




Un día de 1945, un barco da Ardora chamado "O LOLA" estaban pescando sardinas na Illa de Ons cando un temporal levantou marea e impedíulles pescar. Acercáronse á Illa e como non había teléfonos nin comunicacións, pasaron tres días alí. Dábanlles de comer a cambio do peixe que tiñan no barco.

Os familiares achegábanse tódolos días ó peirao para esperalos. Ó terceiro día xa os daban por mortos e as mulleres xa estaban de loito, pensando non volver a ver ós seus homes e irmáns.

Tal foi a súa sorpresa cando os viron chegar de lonxe ó cuarto día, cando xa calmara o temporal.

Ó atracar no muelle abrazáronse a eles con ledicia, dándolle gracias a Deus porque o mar os devolvera vivos, e con tranquilidade foron para a súa casa.

Esta foi a última historia do día.






Primeira clasificada na categoría de Secundaria
 AUTORA: JESSICA BARREIRO BARREIRO
 COLEXIO: I.E.S. "Illa de Ons"
 TÍTULO: As historias do meu avó

AS HISTORIAS DO MEU AVÓ


Moitas historias ten o meo avó en toda a súa vida de mariñeiro.
 Vouvos contar dúas que lle escoitei con moita atención:

UN DÍA A PESCAR ROBALIZAS

Un día de maio, tendo meu avó dez anos, saíu a pescar nunha dorna cun señor chamado Miguel Graña que era o



patrón. Meu avó preguntoulle a Miguel onde ían ir pescar e el díxolle que ían ir para a Illa de Ons, comezaron a bogar para a Illa e botaron catro horas e media para chegar alá. Puxéronse a pescar robalizas e botaron todo o día para pescar uns trinta ou corenta quilos; aínda que era un peixe que abundaba, eran moi malas de pescar, porque cando as miraban en manadas, tiñan que ir tras delas bogando. "Iscábanlle" os anzois con bolos vivos, enganchoos polo lombo ou polos ollos. Cando estaba anoitecendo recolleron todas as liñas e foron



bogando para terra, o mar estaba en calma, pero ó iren chegando a Punta de Udra subiron a vela porque parecía que se estaba levantando unha brisiña. Levaban dez minutos con esa brisa, cando o patrón dille a meu avó: vota a vela para abaixo. Meu avó quiso saber por qué, o patrón entón explicoulle que ían morrer, meu avó púxose a mirar para un lado e para outro e só vía unhas nubes escuras. O patrón sospeitaba que esas nubes ían traer un ciclón de vento, porque no mes de maio abundan as tronadas, e as tronadas en maio son moi perigosas. E efectivamente en canto lle deu tempo a baixar a vela, puxeron rumbo a Portonovo buscando a empopada. Estaban moi asustados porque parecía que ían polo aire. O meu avó nunca mirara tanto vento e chuvia xuntas, a eles parecíalle un estilo de tornado. Aos dez minutos, calma outra vez, e de alí a bogar para Bueu de novo. E todo iso cunha botella de auga e un cacho de pan de millo. Esas eran as tres comidas do día.

“O Chouzo” Restaurante
 Terraza al aire libre
 Tfno 986 32 12 26
 c/ Banda del Río, 59 Bueu-Pontevedra

A CANGAS
Bueu
 Avda. de Cangas
 Ramón Barza
 Pazos Fontenla
 Pazos Fontenla
 Juan Carballido
 Montero Ríos
 Eduardo Viveand
 D. Casallo
 Mónica Barza
 Montero Ríos
 Avda. de Bueu
 Avda. de Marín
 PO-551
A MARIN DYNAMIS DEPORTES
 Pazos Fontenla 14, Bueu • Telf.: 986 32 42 64
 dynamis@agalisa.es



Outra historia verdadeira que lle sucedeu ó meu avó.

O CONGRO LOITADOR

Cando meu avó era un mocíño, tiña unha dorna na que ía ó palangre a pescar congros.

Ese día en especial meu avó levaba con el a un señor de Cabalo que se chamaba Xacobo.

Foron bogando ata a punta de Udra, serían sobre as oito da noite cando comenzaron a largar o palangre arredor da "Punta de Udra" ata "Anacoradouro"; outro palangre largáronno nunha pedra chamada "Cajadouro" ata "Pedra Blanca". Cando estaban metendo o palangre, serían as once da noite e ían alando, tomaron oito ou nove congros. Ó chegar á enseada do "Barcelo" meu avó sentiu uns tiróns moi grandes, e díxolle ao Xacobo:

- Prepara os dous bicheiros.

Xacobo preguntou que era o que pasaba, e o avó díxolle:

- É que temos un congro tan grande como a dorna.

O avó estaba: mete e arría, tres ou catro veces e o congro non viña para arriba.

Cando por fin o logrou subir, puxo de proa á popa, e díxolle a Xacobo que lle metera os dous bicheiros a un tempo, porque aquilo en vez dun congro parecía unha balea.

Unha vez que o tiveron a bordo meu avó cravoulle unhas brazocadas pola boca e amarrounas á dorna, enton botaron o congro ás cadeiras, tapárono coas escotillas e puxéronlle unha pedra de corenta quilos enriba para que o bicho non escapara. O avó aínda non estaba conforme e mandou sentar a Xacobo tamén enriba das escotillas para facer máis peso.

Meu avó seguiu metiendo os outros palangres que lle quedaban, mentres Xacobo estaba enriba das escotillas, seando para atrás, o avó ordenáballe a Xacobo: -¡Sea! ¡isea! E Xacobo non seaba, daquela meu avó sentiu unha voz moi suave que lle parecía lonxana que berraba:

-Manolooo, Manolooo, Manolo.

Miraba para os lados e non vía a Xacobo. Cando se fixou, mirou o rabo do congro que levantara as escotillas, as pedras, e tamén levantara a Xacobo un metro de altura, por iso meu avó non o miraba.

Entón colleu un pao que tiña alí e pegou dous paozazos ó rabo do congro para que soltara a Xacobo e metera o rabo nas cadeiras.

Xacobo caeu daquela altura e escangallou as cachas do cu.

Meu avó non facía máis ca rir despois de que mirou que Xacobo estaba ben, porque estivera moi asustado ó mirarse atrapado por aquel congro que tiña tanta forza no rabo como teñen todos os congros.

Logo de pasarlle o susto a Xacobo, voltaron moi contentos, porque nunca antes o avó pescara un congro tan grande, que pesou trinta e un quilos.

Cando viñan para terra bogando, comenzou a chover, e o meu avó mais Xacobo tomaron unha molladura porque aquelas roupas de augas de antes eran de moi mala calidade, din que estaban feitas de aceite de liñaza.

Pero con todo isto ían moi contentos pola pesca e polo que lles ocorrera.

Esta é unha das historias reais do meu avó, que aínda esta vivo para contalas.



Congro de dazasete kilos

CAFETERÍA



PYRAMIS

C/ CASTELAO

BUEU

ESTANCO OCAÑA



**SELLADO DE APUESTAS
DEPORTIVAS Y PRIMITIVA**

C/. Pablo Iglesias, 11 - Telf.: 986 30 50 42
CANGAS



HOMENAXE AOS NÁUFRAGOS

Queremos facer dende aquí unha homenaxe a todos os náufragos de Bueu, aos mariñeiros desaparecidos, aos auténticos heroes do mar. A eles e aos sobreviventes deses infernos de auga e vento.

Este poema foi escrito por Manuel Gonzalez Palmeiro, nacido en Bueu e residente en Australia. El foi un sobrevivente do mercante "Monte Palomares" que naufragou o 10 de xaneiro de 1966, cando unha galerna os alcanzou a 840 millas das illas Bermudas, con rachas de vento de 50 nudos e ondas de 14 metros. Según un informe da garda costeira norteamericana tres barcos enviaron sinais de auxilio dende a zona da tormenta. Dous deles afundiron ese día, o terceiro, un cargueiro polaco anduvo á deriva a 800 millas ao norte das Bermudas, ata que foi rescatado.

O "Monte Palomares" facía a ruta dende Norfolk (Virxinia-EEUU) ata Barcelona, con 13.000 toneladas de gran; levaba unha tripulación de 38 homes, dos que só seis conseguiron sobrevivir.

Xa van case corenta anos, amigo Manuel, e nós, fillos deses náufragos, tampouco os esquecemos. As túas palabras serven hoxe para facerlles a todos eles unha ben merecida homenaxe.

Grazas por compartir con nós ese recordo.

Memoria del Monte Palomares

*Navegaba aquel navío con gallardía y destreza
Cruzando los anchos mares y luciendo su belleza.
Hacia el norte y hacia el sur, hacia levante y poniente
Distintos rumbos viajó con su proa muy sonriente.
Varios inviernos pasaron, primaveras y veranos
Con su quilla acariciando esos mares tan lejanos.
De gran puntal y eslora, cinco bodegas tenía
Vestía de blanco y negro por donde quiera que iba.
Con su estilo viajando, hacia el oriente se va
En busca de aquel destino, que ya nunca alcanzará.
Largo era el trecho que había, desde América hasta España
No lo pudo recorrer, su existencia se acababa.
En aquellas aguas heladas, con viento soplando fuerte
Lucha su tripulación por salvarse de la muerte.
Aquel tan ingrato invierno del año 66, con olas agigantadas
Y vientos huracanados, viajó por última vez.
Escorado malamente al costado de estribor
Así luchó doce horas con fiereza y con tesón.*

*Era su última lucha que con el mar le tocaba
Y todo cuanto tenía, consigo se lo llevaba.
Y los cinco mil caballos que a su motor le movían
En semejante tormenta de nada ya le servían.
Entre las olas salvajes, que tantas veces montara
Se iría para siempre sin hallar otro mañana.
Ni tampoco de su carga, lo mas valioso que había
Era su tripulación y hacer nada ya podía.
Las trece mil toneladas que de carga se llevaba
Allí se fueron también, mezclándose con el agua.
Solo seis de dotación, de las aguas son salvados
Con gran dolor al saber que treinta y dos se han marchado.
La tristeza de aquel día, diez de Enero ennegrecido
Aún hoy sigue en mi mente y no se me va al olvido.
Mas de treinta años pasaron y aun me duele al pensar
En aquellos compañeros que ya no han vuelto jamás.*

Manolo González (noviembre de 1997)



ARQUIVO RECUPERACIÓN DE FOTOS

Nese intento que nos move de recuperar e transmitir a cultura tradicional da nosa vila mariñeira, e de recuperar as súas imaxes, costumes, artes de pesca, embarcacións; as vivencias das xentes do mar, a asociación "Os Galos" abre unha sección de recollida de fotos, con carácter permanente.

Retratos de mariñeiros e mulleres mariñeiras, de embarcacións tradicionais, dos aparellos de pesca. Tamén se admite a foto dixital.

As fotos enviadas poderán ser incluídas na exposición fotográfica da propia asociación, e algunhas serán publicadas en próximos números desta revista.

Como facérnola chegar?

Nun sobre pechado dirixido ó equipo de redacción da revista "Os Galos".

No interior deberá indicarse:

- Nome do propietario da foto.
- Teléfono de contacto ou correo electrónico.
- Título.
- Nome da embarcación.
- Data de realización.
- Nome do autor da foto (se é posible)
- Nome dos fotografiados (se é posible).
- Outros datos que considere de interese.

Mentres a Asociación non teña un local social, as fotos poderanse entregar:

-En man ós responsables desta sección: Carmen García, Ana Gil, Victor Domínguez.


-Na oficina da O.M.I.X.: Pazos Fontenla 29 - 2º Bueu.

-Na cervexería-pizzería "O FAROL" Montero Ríos 207 Bueu.

Queremos animarvos dende aquí a que nos fagades chegar esas fotos antigas, as da dorna, o polbeiro, a gamela, a traiña..., iesa estampa mariñeira que gardades na vosa casa!

Tamén buscamos imaxes das nosas embarcacións actuais, e de outras semellantes.

Queremos recuperalas para todos. Necesitamos da vosa axuda.



VOLVO OCEAN RACE


Non podemos pasar por alto neste número da revista o acontecemento de vela, aínda que non precisamente tradicional, máis importante vivido nas rías galegas. A VOLVO OCEAN RACE 2005-2006. Esta regata é considerada un dos eventos deportivos de maior éxito a nivel mundial por ser a regata máis esixente técnica e profesional. Nela participarán os barcos monocascos máis rápidos do mundo.

Hai 30 anos que foi concebida a primeira regata de volta ó mundo, que se celebra cada catro anos: WHITBREAD ROUND THE WORLD RACE - 1973.


Na súa última edición 2001-2002, a "Whitbread" foi transformada con éxito na VOLVO OCEAN RACE (V.O.R.).

Os cambios introducidos marcaron un novo carácter en canto a presuposto, tipos de barcos, deseños, avances tecnolóxicos, entrenamentos das tripulacións, etc. Anos de historia e regata deron lugar á creación do Volvo Open 60 e a súa evolución será o Volvo Open 70, cuos novos modelos competirán por primeira vez na V.O.R. 2005-2006.

A regata saíu sempre do Reino Unido, dos portos de Portsmouth e Southampton. Por primeira vez a saída vaise realizar dende un porto do Sur de Europa: Vigo, con sede compartida entre Baiona e Sanxenxo.



	Lugar de saída	Lugar de chegada.
1º Manga	Vigo	Cidade do Cabo.
2º Manga	Cidade do Cabo	Melbourne.
3º Manga	Melbourne	Nova Zelandia
4º Manga	Nova Zelandia	Río de Xaneiro
5º Manga	Río de Xaneiro	Baltimore/Anápolis
6º Manga	Anápolis	Nova York
7º Manga	Nova York	Southampton.
8º Manga	Southampton	Gotemburgo
9º Manga	Gotemburgo	a un Porto Báltico






Outra das novidades da V.O.R. será a inclusión de seis regatas costeiras, con resultados puntuables de cara á clasificación final.

En Galicia, nas Rías Baixas, celebrarase a primeira, a " Galicia Port Race" entre Sanxenxo- Vigo- Baiona, prevista para o sábado día 5 de novembro.

Nesta edición, o barco español será o Telefónica Movistar, un representante galego Pedro Campos, empresario pontevedrés e navegante de reconecido prestixio. A el e a toda a tripulación queremos (de navegante a navegante) desexarlles moita sorte e boas singladuras!

O día 12 de novembro realizarase a saída dende o Porto de Vigo. Alí estaremos.



AGRODEKO

SEMILLAS CEREALES
COMIDA ANIMALES PIENSOS

986 32 06 99
Razos Fontenla, 7 - Bueu

CENTRAL

CENTRAL DE EFECTOS NAVALES CANGAS, S.L.
Suministros Navales e Industriales

Avd. Salgueirón, 8 - baixo
Tif.: 986 30 09 78 Fax 986 30 45 00
36940 CANGAS - PONTEVEDRA
E-mail: efectosnavales@hotmail.com



FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL



Que é a Federación

A Federación Galega pola Cultura Marítima (FGCM) naceu en 1993, impulsada por catro asociacións culturais relacionadas co mundo do mar.

A destrución do patrimonio marítimo das rías galegas nos anos oitenta e noventa foi unha das razóns polas que naceron e medraron diferentes asociacións nos portos galegos, todas elas preocupadas por dita destrución e coa intención de evitala perda dun patrimonio que era i é único pra a nosa cultura. Dende a súa fundación, a FGCM adicou tódolos seus esforzos a estudar, desenvolver, defender e recupera-la historia e a cultura dunha Galicia que sempre viviu cara o mar; este esforzo amósanno as dezasete asociacións que forman a FGCM, entidades que van desde asociacións de veciños, grupos etnográficos, clubs náuticos, asociacións deportivas ou culturais, todas elas cun obxectivo común: manter vivo o mar.

Cada dous anos, a FGCM convoca o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, que se celebra cada vez nun porto diferente. E si na primeira convocatoria, aló

polo 93 en Ribeira, acudiron unha veintena de embarcacións das rías baixas, a participación no V Encontro, celebrado en Agosto do 2001 en Poio, amosa o traballo realizado ó longo destes anos: cen embarcacións de toda Galicia, amáis de Portugal, País Basco, Francia, Bretaña, Irlanda. Nestes dez anos trascorridos, as diferentes asociacións pertencentes á FGCM teñen recuperado case medio centenar de embarcacións de diferentes tipoloxías: dornas de moitos tipos e tamaños, bucetas, lanchas xeiteiras, racús, botes polbeiros, galeóns, gamelas,...

A FGCM tamén dispón dunha exposición permanente que pón a disposición de colectivos culturais, colexios e institutos, baixo o lema " O Patrimonio Marítimo de Galicia"; amáis dun boletín informativo de carácter trimestral, O Apupo, e que podeades mirar nesteweb : www.culturamaritima.org

No ano 2003 a Federación pasou a incorporar nas súas filas a asociacións do Miño e do Sil, polo que engade o termo fluvial.



Loren
Osteópata

Pazos Fontenla, 11 - Bajo
Tlf./Fax: 986 320 755
Móvil: 616 263 819

36930 - BUEU
Pontevedra

MILAR

AIO & LOREN
C/ PAZOS FONTENLA Nº14
36930 - BUEU
TELF: 986 320 503



Actividades 2005

Xullo

- 2 de Xullo XXI Volta á Arousa Asociación Cultural Dorna Illa de Arousa
- 3 e 4 de Xullo Muros Mira ó Mar. Concentración de Embarcacións Asociación Mar de Muros Muros
- 6, 7, 8, 9 e 10 de Xullo VII ENCONTRO de EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA FGCMF, Comisión Encontros Cambados
- 9 de Xullo VI Regata do Albariño Clube Mariño Salnés Cambados
- 15, 16 e 17 de Xullo IX Encontro Embarcacións Tradicionais de Bueu Asociación Os Galos Bueu
- 17 de Xullo Volta à Illa de Toralla CRAC e Asc. Breadouro
- 20 de Xullo Operación Acougo (Seixo) Clube do Mar de Ferrol Ferrol
- 22, 23 e 24 de Xullo Festa da Dorna Cofradía da Dorna Ribeira
- 23 de Xullo Regata dos Faros Dorna Meca Ogrobe
- 23 de Xullo III Regata Concentración de Embarcacións a Vela Tradicionais, Porto de Redes Club Náutico de Redes Redes
- 24 e 25 de Xullo Volta à Illa de Cortegada Asociación Rompetimóns Carril
- 30 e 31 de Xullo Festa do Río Barcas do Minho Monforte de Lemos

Agosto

- 6 de Agosto II Encontro de Embarcacións Tradicionais. Porto de Moaña Asociación Sueste Moaña
- 6 de Agosto Regata do Bao Asociación Cultural Dorna Illa de Arousa
- do 8 ó 15 de Agosto II Xuntanza de Embarcacións Tradicionais. "Vila de Bouzas" Mariñeiros de Bouzas Bouzas
- 14 de Agosto Regata da Gaña Clube do Mar de Ferrol Ferrol
- 26, 27 e 28 de Agosto XI Concentración de Embarcacións Tradicionais Clube Mariño Reibo Poio
- 27 e 28 de Agosto Encontro de Embarcacións Tradicionais da Parrocheira Clube do Mar de Ferrol Ferrol

Setembro

- 1-4 setembro Pasaia 200 anos da fundacion. Encontro embarc. tradic. Asoc. Albaola Pasaia
- 3 e 4 de Setembro I Concentración de Embarcacións Tradicionais de Vilaxoan Asc. Marítima e Cultural de Vilaxoan Vilaxoan
- 3 e 4 de Setembro I Concentración de Embarcacións Tradicionais Amigos das Embarcacións A Coruña

INVERNAJE Y GUARDERÍA
MOTORES Y BARCOS

ASTIXANO

Reparaciones en:
poliéster - pintado - mecánica
Mercado de ocasión y nuevos
Eléctrica - transportes



POLIGONO INDUSTRIAL CASTIÑEIRAS, 100 TFO/TAX. 986 324 061

PANADERIA
Freire
R.G.S. 20.611.290



Telfs. 986 32 04 14 · 986 32 26 08
Cela Torre - BUEU
Pontevedra



A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL
ESTÁ FORMADA POR :

ASOCIACIÓN	ENDEREZO	
CRAC Coruxo	Estrada de Camposantos nº 226 Barro Toriño	Coruxo 36330 VIGO
Real Cofradía da Dorna de Ribeira	Rúa 9 de Agosto, 42 2º	15960 RIBEIRA
Amigos da Dorna Meca	Avda Hermanos Otero Goday, nº 13	36980 OGROBE
Asc. de Embarcacións Tradicionais "Os Galos"	Rúa Montero Ríos 187	36930 BUEU
Club do Mar de Ferrol	Calexón do Curro, nº 1	15401 FERROL
Asc. "As Jonitas"	Cofraria "San Antonio", Rúa Nova	36630 Cambados
Grupo Etnográfico Mascato	Casa da Cultura, Edif. Usos múltiples, Campo da Mercado	36630 CAMBADOS
Asc. Cultural e Deportiva DORNA	Rúa Con do Moucho (Cine Capitol)	36626 ILLA DE AROUSA
Asc. De Gameleiros Asodiña	Rúa Marqués de Valladares, nº 15 - 5º, Oficina 10	36201 VIGO
Asc. Mariñeiros San Miguel de Bouzas	Paseo Marítimo Paz Andrade, nº 1, Bouzas	36208 VIGO
Asc. SODINÁUTICA	Rúa Marqués de Valladares, nº 15 - 5º, Oficina 10	36208 VIGO
Asc. De Veciños "Boureante"	Rúa Fernández de la Mora, nº 24 A	36995 POIO
Clube Mariño "A Reboa"	Cuatro Carriños, Avenida de Seneca, nº 17	36994 POIO
R.C.N. De Sanxenxo	Porto de Sanxenxo	36960 SANXENXO
Asc. "A Rabandeira"	Apartado de Correos 58	36620 VILANOVA DE AROUSA
Amigos da Dorna de Portonovo	Rúa Ramón Valenzuela, nº 6	36970 PORTONOVO
Clube Mariño Salnés	Rúa Pontevedra, nº 25 - 2º B	36630 CAMBADOS
Asc. Barcos do Minho	Vlar, 6 Vilela / Fondo da Vila, 3 Sabadelle	27596 TABOADA / 27517 CHIANTADA
Asc. Canle de Lira	Lira-Carnota	A CORUÑA
Asc. Cultural "A Figueiriña-Lanchas do SII"	Casa da Cultura, Rúa da Estación, nº 2	32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Asc. Mar de Pedra	Praza do Progreso, nº 2 - 2º	CANGAS
Club Náutico de Redes	Rúa Nova	REDES
Asc. "A Rompetimóns"	Casa da Cultura, Carril	36610 VILAGARCÍA DE AROUSA
Asc. Barcos do Norte, Viana do Castelo	Rúa Bouça Longa, nº 637	4900-204 MEADELA, PORTUGAL
Asc. Amigos das Embarcacións Tradicionais	Rúa San Juan, nº 9, baixo	15001 A CORUÑA
Asc. Mar de Noia	Rúa Ramón Álvarez de la Braña 1, 4º A	15200 NOIA
Asc. Mar de Muros	(Carmen Monteagudo) Solteros-Esteiros	MUROS
Asc. Sueste	Ramón Cabanillas nº 200	36950 MOAÑA
Escola Obradoiro Mar de Vigo II	Estrada do Bao 151, Coruxo	36331 VIGO
Asc. Cultural e de Tradicións Mariñeiras "A Gamela"	Perao nº 219, Cabo da Cruz	15039 BOIRO
Esteirana de Remo	Artón 10, Esteiro	15240 A CORUÑA
Asc. Cultural "Gameleiros", Breadouro	Bar Breadouro, Estrada de Canido nº 32	36331 VIGO
Asc. Marítima e Cultural Vilaxoán	Rosalía de Castro nº 4 - 4º	36600 VILAGARCÍA DE AROUSA
Fundación Expomar	Avda. Arcadio Pardiñas 137 entreplanta	27880 BURELA
Asc. Lajareu por Barlovento	Peirao de Ribeira s/n	Ribeira



CANDI
Estudio Fotográfico

C/ Rosalía de castro 6, bajo Bueu
Telf: 986 320 702 Móvil 661 841 965

Tradicións
EL ARTE DE ENMARCAR

cristina alonso porto
Avda. de Montero Ríos Nº 141
36930 BUEU - PONTEVEDRA
Teléfono - Fax 986 32 01 01



Recordando Douarnenez



Douarnenez 2004 Foto F. Fernández Rei

Cando as imaxes
din máis
que as palabras

